

Informe

VI CONGRESO
XÈNEROS,
MUSEOS, ARTE
E EDUCACIÓN

O VI Congreso Xéneros, Museos, Arte e Educación (celebrado en Lugo 9, 10 e 11 de maio 2019)¹, partindo do recollido polo MDPP do ICOM en decembro de 2018, centrou a súa temática na “redefinición actual de museo”. Organizado pola Rede Museística Provincial de Lugo e xa a súa sexta edición, o Congreso propúxose como o foro idóneo no que iniciar o proceso de reinterpretación, revisión, reescritura e reformulación da definición actual de museo; aportando innovación e implementando a perspectiva de xénero. O fin do mesmo perseguía a creación dunha ferramenta de traballo válida, transparente, igualitaria de recomendacións efectivas para facer da definición e dos museos espazos reais de igualdade, colaboración e compromiso coa sociedade. Seguindo ditas premisas, e co fin de proporcionar dita ferramenta ás Administracións e Organismos que velan polos mesmos, realízase este informe.

Un foro dirixido a profesionais dos Museos

O VI Congreso Xéneros, Museos, Arte e Educación estivo dirixido a persoas que; xa desde o exercicio profesional, da investigación ou a formación, xa por interese e participación social sentíranse atraídas polas ciencias e disciplinas que conflúen na temática do congreso: museoloxía, museografía, deseño, xestión cultural e patrimonial, historia, arqueoloxía, restauración de bens culturais... e a todos aqueles grupos de investigación, empresas e institucións que desenvolven a súa labor no ámbito da musealización e/ou posta en valor do Patrimonio Cultural.

Un novo formato novidoso e participativo

Co fin de proporcionar un verdadeiro foro de debate activo, o VI Congreso Xéneros, Museos, Arte e Educación, cambiou o seu formato e organizouse en Mesas de Traballo nas que se agruparon xs participantes. Estas, paralelas e simultáneas, promoveron o diálogo e implementaron a participación dxs persoas asistentes de xeito guiado, coherente e crítico de cara analizar os temas específicos encomendados. O principal obxectivo era o de obter conclusións que se concretasen en directrices, recomendacións ou suxerencias reunidas nas Sesións Plenarias asociadas e que conforman o presente documento.

¹ <http://redemuseisticalugo.org/documentos.asp?mat=131&id=3185>

Mesa de Traballo 1 **Observando a semente I**

Museo Provincial de Lugo

9/5 16-17:30h

Partindo do recollido polo Comité Permanente sobre a Definición de Museo, perspectivas e posibilidades (MDPP) do ICOM -decembro 2018- e co fin de crear unha ferramenta de traballo válida, transparente, igualitaria de recomendacións efectivas para facer da definición e dos museos espazos reais de igualdade; o VI Congreso de Xéneros, Arte, Museos e Educación instou nesta primeira sesión de traballo á autocrítica, debendo xs profesionais aproximarse aos seguintes temas e contestar, en base a estes, as preguntas chave:

- ✘ Do persoal ao institucional: autocrítica, reflexión e coñecemento como inicio do proceso.
- ✘ Observar o estado actual da igualdade de xéneros na estrutura dos museos.

Preguntas chave: Que fago eu? Que fan os departamentos? Que fai a institución? E as súas políticas?

Recollido o desenvolvemento de cada un dos grupos e lido polxs representantes na Sesión Plenaria, a maioría dxs profesionais coinciden en:

Ante a pregunta **Que fago eu?**

- a. Inciden na incorporación de linguaxe de xénero, e co mesmo, na súa labor de inserir unha perspectiva de xénero de xeito transversal nos discursos técnicos e divulgativos, mais tamén na difusión. E manifestan todxs elxs unha actitude positiva e pro-activa de cara á igualdade.
- b. Subliñan o seu interese e esforzos pola labor social dos museos e pola diversificación dos discursos co fin de inserir e dotar de accesibilidade os espazos e os discursos a todo tipo de colectivos e comunidades; comunidades nativas, colectivos en risco de exclusión, accesibilidade a mulleres vítimas de violencia, etc.
- c. Fan fincapé na súa “apertura” e na súa vontade de “escoitar” de cara á construción dun proceso interno de cambio.

Ante a pregunta **Que fan os departamentos?**

- a. Exposicións temporais monográficas e representacións das creadoras no discurso expositivo, mais subliñan á realidade existente sobre o cuantitativo e cualitativo das mulleres nas coleccións; inferior número de mulleres artistas fronte á variopinta variedade de mulleres-musas vs. representadas.
- b. Recollen tamén o pouco interese, curiosidade, atención ou implicación na formación e/ou participación de cara implementar a igualdade de xénero e a socialización das formas de traballo, estruturas e discursos.

Ante a pregunta **Que fai a institución?**

- a. Si ben coinciden en que as institucións realizan actividades concretas e incluso transversais de cara potenciar a perspectiva de xénero relacionada co patrimonio cultural, recoñecen: a falta de planificación e de estratexias a longo prazo, sostíbeis; subliñando que as actividades citadas son proxectos curto-pracistas, agás un pequeno número que depende do financiamento político. De feito coinciden en que a maioría das institucións teñen unha dependencia orgánica dunha administración, co que non existe unha autonomía técnica e os procesos de toma de decisión son verticais e non horizontais.

Ante a pregunta **E as súas políticas?**

- a. Si ben recoñecen que a maioría das traballadoras son mulleres, nalgún caso en todos os niveis da institución, tamén recoñecen que estas están infra-representadas en postos de dirección; ante o que se plantexan o por que? (non podemos?, non nos deixan?, son cuestións educativas?).
- b. Recóllese que existen políticas de inclusión non só de xénero; capacidades diferentes, colectivos minoritarios, comunidades indíxenas, etc; e a súa sustentabilidade virá en función da demanda social e cidadá, sendo a sociedade quen insta e demanda o desenvolvemento das políticas institucionais.

Mesa de Traballo 2 **Observando a semente II**

Museo Pazo de Tor

10/5 11-12h

O VI Congreso de Xéneros, Arte, Museos e Educación seguindo o enunciado instou, nesta segunda mesa de traballo, a reflexionar sobre a construción da igualdade e en igualdade; debendo xs profesionais aproximarse aos seguintes temas e contestar, en base a estes, as preguntas chave:

- ☒ Do eu ao nosoutrxs: Desde a responsabilidade individual á construción colectiva.
- ☒ Elaboración de recursos e propostas de cambio de cara a unha igualdade real desde os diferentes departamentos e funcións dos museos.

Preguntas chave: Que poido facer eu? O eu individual, o eu profesional? O museo como institución, pode fomentar o cambio social?

Recollido o desenvolvemento de cada un dos grupos e lido polxs representantes na Sesión Plenaria conxunta, a maioría dxs profesionais coinciden en:

Ante a pregunta **Que poido facer eu?**

- a. Incorporar a linguaxe de xénero, inclusiva, subliñando o feito de que: *“Nomear é existir, é definir; e o que non se nomea non se define e non existe”*.
- b. *“Incorporarnos á Historia -ao relato- xa!”*. Os museos deben ser sostíbeis, ofrecer referentes, ser feministas e chegar á sociedade.

- c. **Apostan polo activismo e as actitudes proactivas; subliñando a importancia da incorporación destas actitudes, as persoais, á colectividade como aportación á institución. “Tenemos que hacer lo que sea y además tenemos que hacerlo como sea. Tenemos que empoderarnos nosotras, porque las instituciones no van a hacerlo”, Margarita Sala.**
- d. **Son conscientes da lentitude institucional e das dificultades ou barreiras inherentes ao fin marcado e propio espírito feminista: as primeiras relativas á frustración ou o cansancio pola falta de implicación institucional e/o do propio persoal dos museos, xs nosxs compañeirxs e as segundas as propias para o empoderamento persoal e colectivo; polo que subliñan a importancia de perseverar e de buscar motivacións.**

Ante a pregunta **O eu individual, o eu profesional?**

- a. **Subliñan que serán as actitudes proactivas e o activismo as que xerarán e/ou implementarán o deseño de estratexias e planos que contemplan a perspectiva de xénero de forma sistemática e cotiá dentro da institución.**
- b. **Inciden en que a acción individual pode fomentar o cambio institucional a través da visibilización do conflito e a apertura do debate colectivo.**
- c. **Subliñan a importancia do papel individual e colectivo do Director/a. Esta figura que; debería evitar a inxerencia superior -cargos e políticas institucionais- e o anquilosamento inferior -dos diferentes departamentos e o seu persoal; ten a potestade de establecer unha liña clara de actuación, marcado e definindo un camiño a seguir que en cuestión de xéneros e inclusión debería non ter retroceso posible.**

Ante a pregunta **O museo como institución, pode fomentar o cambio social?**

- a. **Si -resposta por unanimidade-.**
- b. **Subliñan a importancia das accións presentes; as exposicións temporais e as actividades complementarias que están desenvolver desde as institucións de cara á potenciación da perspectiva de xénero no patrimonio cultural; mais instan á creación de novas dinámicas permanentes que rachen coa xerarquía piramidal, cos metarrelatos e/ou discursos de poder.**

Mesa de Trabajo 3 **Observando a semente III**

Museo Pazo de Tor

10/5 12-13h

Continuando coa dinámica e a temática proposta na anterior sesión de traballo; o VI Congreso de Xéneros, Arte, Museos e Educación instou nesta terceira mesa a reflexionar sobre a construción dos discursos e a súa accesibilidade/disponibilidade social, debendo xs profesionais aproximarse aos seguintes temas e contestar, en base a estes, as preguntas chave:

- Do institucional ao social: relatos, discursos e outros procesos reflexivos públicos.**

- ☒ **Determinar o estado actual da igualdade de xéneros nos discursos museolóxicos e a súa relación coa sociedade.**

Preguntas chave: Que relato estamos a facer? Que relato estamos a trasladar? Que hai da transversalidade? Está ao servizo da sociedade?

Recollido o desenvolvemento de cada un dos grupos e lido polxs representantes na Sesión Plenaria conxunta, a maioría dxs profesionais coinciden en:

Ante a pregunta **Que relato estamos a facer?**

- Estamos a facer discursos de poder, sometidos á metahistoria.**
- Inciden e valoran positivamente o proceso que están a vivir un bo número de museos na actualidade, en diferentes fases de resignificación dos seus discursos. Un proceso que, aínda que non homoxéneo; uns aínda en deconstrución mentres ca outros xa en construción de novos discursos museolóxicos; si de reflexión e actualización dos discursos.**

Ante a pregunta **Que relato estamos a trasladar?**

- Estamos a trasladar o metarrelato dominante, academicista, instaurado na metahistoria; o aceptado polas estruturas institucionais.**
- Subliñan o inmovilismo e a lentitude dos procesos institucionais de cara ao cambio dos discursos.**
- Só se albiscan os microrrelatos inclusivos nas actividades complementarias e/ou temporais non permanentes, agás algúns casos illados.**

Ante a pregunta **Que hai da transversalidade?**

- Os relatos permanentes existentes non trasladan con inclusión nin transversalidade a igualdade de xéneros ou á colectividade.**
- Inciden na manipulación desde o poder do termo “inclusivo”, para evitar definir a diversidade.**

Ante a pregunta **Está ao servizo da sociedade?**

- Si, mais en xeral dun xeito anacrónico; o que amosa un distanciamento desta cos espazos museísticos.**
- O uso de novas ferramentas como as RR.SS. implementan as accións inclusivas e palían o distanciamento dos museos da sociedade e da súa diversidade.**

Mesa de Traballo 4 **Que e como sementar?**

Museo Pazo de Tor

10/5 15:30-17:30h

Tralas reflexións; e de cara crear unha ferramenta de traballo válida, transparente, igualitaria de recomendacións efectivas para facer da definición e dos museos espazos reais de igualdade; o VI Congreso de Xéneros, Arte, Museos e Educación instou nesta

cuarta sesión de traballo á creación das solucións, debendo xs profesionais aproximarse aos seguintes temas e contestar, en base a estes, as preguntas chave:

- ☒ **Redefinindo e reformulando o Museo: deseñando as solucións.**
- ☒ **De cara mudar a situación actual e as observacións realizadas, dotar e implementar a perspectiva e igualdade de xéneros nos discursos, nas institucións, nos departamentos e na labor profesional, debemos realizar propostas.**

Preguntas chave: Que cremos que se debe facer? Como podemos logralo?

Ante a pregunta **Que cremos que se debe facer?**

1. **Tomar conciencia de xénero.**
2. **Implementar a aprendizaxe e a formación na igualdade dxs profesionais e con elxs, a sensibilización dos equipos técnicos e políticos. Son as persoas os verdadeiros motores de cambio.**
3. **Mudar a perspectiva dos estudos, dos discursos e dos roles na xerarquía piramidal institucionalizada: proxectando e desenvolvendo estudos multidisciplinares, xerando discursos que fagan visíbel a igualdade de xénero de xeito transversal -en prol da responsabilidade social e a honestidade científica- e establecendo proxectos nos que se propicie a transversalidade e a interacción de cada un dos departamentos existentes na estrutura. Serán estes proxectos os que deben dar corpo aos Plans Estratéxicos e nos que se deberán especificar as diferentes pautas de coresponsabilidade, por exemplo; a coordinación itinerante ou a axenda das reunións de traballo interdepartamentais.**
4. **Buscar a autonomía executiva dos museos sobre os seus proxectos e, asemade, atopar canles de participación e partillamento coa Administración e cxs representantes públicos.**

Ante a pregunta **Como podemos logralo?**

1. **Creando Plans Estratéxicos, liñas de actuación consensuadas e compromisos reais, non eventuais, que atinxan non só á institución tamén á Administración; debendo incluír o xénero dun xeito contundente desde a normativa -nas propias leis- e/ou nos temarios específicos dos diferentes procedementos laborais.**
2. **Creando ferramentas e recursos humanos, materiais e económicos, de cara ao desenvolvemento dos Plans Estratéxicos que deberán estar integrados por proxectos con obxectivos e accións calidade; sendo consubstanciais a estes unha maior implicación da Administración, vital tanto no cronograma de obxectivos coma na dotación orzamentaria.**
3. **Pasando da reflexión á acción; facéndonos permeábeis ás persoas, ás comunidades, creando novas resignificacións e construindo novas pontes.**

Ámbalas dúas preguntas resúmense na **Parábola da semente**, enunciada coma resume dunha dos grupos:

“Dado que o museo é un ente vivo e dinámico, seguimos o proceso de crecemento dunha planta.

- 1. Preparar a terra, acondionala e coidala. Como o traducimos? Tomando conciencia desde o individual ao profesional. Somos terra.***
- 2. Abonar a terra: facémolo a través da formación, como exemplo, este congreso.***
- 3. Sementar/plantar: facer propostas de intervención, actuación e acción como as deste foro. Pero para plantar debemos elixir unha semente, unha boa semente, aquela que nos asegure o crecemento axeitado da planta. Así consolidaremos ideas.***
- 4. Coidado e mantemento para o crecemento: regar, abonar, quitar as malas herbas, coidar a planta. Que a título metafórico se traduciría na elaboración de proxectos e actuacións no noso ámbito de traballo e vida diaria.***
- 5. Regar: regar é o mantemento, esas cousas concretas que son axeitadas para obter os niveis desexados. Isto é constancia, tradúcese no traballo diario dos museos.***

***Rematamos así co traballo do día a día para que a planta se consolide e medre.
COMO?***

- Visualizar e visibilizar***
- Repensar os museos repensando a súa estrutura e actitude.***
- Museo que sae fóra dos seus espazos hexemónicos para relacionarse coa comunidade, para crear ecosistemas de diversidade.***
- Cambiar o relato de poder. Mediación transformadora.***
- Formación permanente.***
- Sensibilidade da administración (financiamento).***
- Percorridos temáticos desde o activismo.***

DESDE A PROPIA INSTITUCIÓN...

- Diálogo coa comunidade e ferramenta para a diagnose do museo.***
- Xerar un modelo de mediación que provoque un pensamento crítico. (Referencia ao Modelo de Empatía de N. Zepeda -México-).***
- Necesidade de incluír as emocións, crear o discurso/metarrelato a partir das microhistorias.***
- Planificación e participación en rede. Grupos de traballo sistemáticos e informais.***
- Sostenibilidade. Compartir ideas e recursos físicos. Cambiar a rivalidade por estímulos.***
- Compromiso persoal e profesional. Motivación do persoal. Valorar positivamente a iniciativa persoal, as súa aportacións desde o seu coñecementos e saberes.***
- Transversalidade e comunicación interdepartamental. Traballo interdisciplinar.***

- *Establecer reunións periódicas, postas en común, por saúde persoal e institucional, desde un proceso de comunicación horizontal.*
- *Menos externalización de servizos nos museos, porque isto provoca unha falta de estabilidade laboral na plantilla e, polo mesmo, unha falta de implicación e motivación persoal no proxecto.*
- *Uso de novas canles de comunicación e difusión para conectar con novos públicos, por ex. As stories de instgram do Museo do Prado.*

Afrontar o cambio con HUMOR E AMOR.”

Mesa de Traballo 5 **A sementeira**

Museo Fortaleza de Narla

10/5 15:30-17:30h

Derradeira sesión de traballo na que, como instara VI Congreso de Xéneros, Arte, Museos e Educación recóllense as conclusións do Foro:

- ✘ **Reescribindo entre todxs: ferramentas prácticas para crear espazos de igualdade, colaboración e compromiso coa sociedade.**
- ✘ **Relación das conclusións de cara propor ao MDPP; e aportar axs profesionais, cargos institucionais e sociedade en xeral; unha ferramenta de traballo válida, transparente e igualitaria de recomendacións efectivas co fin de mudar a situación actual dos Museos, para crear espazos de igualdade colaboración e compromiso coa sociedade.**

Conclusións: Relación e redacción das propostas

Respondendo ao solicitado xs profesionais achegan as seguintes:

Conclusións

- **Que debemos de tomar conciencia de xénero como primeiro estado do proceso de apoderamento persoal e colectivo.**
- **Que existe unha vulnerabilidade do sector da cultura por ser vencellado ao feminino, por entender a Cultura como o coidado da sociedade.**
- **Que a comunidade/visitantes dos museos é eminentemente profesional e que en ditas estatísticas son as mulleres as máis asiduas á visita.**
- **Que o potencial dos museos está nas persoas: nos profesionais e na comunidade/visitantes, sendo as persoas os motores de cambio.**
- **Que o diálogo importa, xa que non se pode facer o comunitario sen pensar e dialogar en/con a comunidade; de feito, si un museo se adaptou á comunidade a comunidade terá adoptado ao museo nunha relación recíproca, simbiótica e sostíbel.**
- **Que o cambio pasa por flexibilizar estruturas mentais e polo traballo en equipo, sempre dende a perspectiva do respecto ás diferencias e da horizontalidade, deixándose nutrir dos coñecementos propios e alleos para**

lograr a multidisciplinaridade; polo que se precisa a formación permanente: *“Aprender é facer, sociabilizar é ser”*.

- ⊙ Que o cambio ten que ser visíbel, permanente e inmediato; entendendo que temos que rachar co inmovilismo, coa falta de estímulo e coa ralentización dos procesos; aínda que se comprende a complexidade do proceso e se asimilan tamén as accións a longo prazo.
- ⊙ Que as institucións e a súa organización interna están xerarquizadas.
- ⊙ Que existe unha dependencia política dos museos e dos seus proxectos á xerarquía política da que depende administrativamente.
- ⊙ Que temos que buscar ferramentas que nos permitan “chegar onde queremos” con autonomía das decisións políticas, tendo a Dirección un papel subliñado no mesmo.
- ⊙ Que temos que crear Plans Estratéxicos de cara ao desenvolvemento do museo/departamentos.
- ⊙ Que existen outras formas de valoración económica, outros valores que poden producir a cultura común; como a economía feminista.
- ⊙ Que hai que “buscar no afecto o efecto” e pasar “do el ao con”; co fin de superar o accesíbel e chegar á inclusión, á humanización.

Relación e redacción das propostas [Conclusións Mesa de Traballo 4]

1. Tomar conciencia de xénero.
2. Implementar a aprendizaxe e a formación na igualdade dxs profesionais e con elxs, a sensibilización dos equipos técnicos e políticos. Son as persoas os verdadeiros motores de cambio.
3. Mudar a perspectiva dos estudos, dos discursos e dos roles na xerarquía piramidal institucionalizada: proxectando e desenvolvendo estudos multidisciplinares, xerando discursos que fagan visíbel a igualdade de xénero de xeito transversal -en prol da responsabilidade social e a honestidade científica- e establecendo proxectos nos que se propicie a transversalidade e a interacción de cada un dos departamentos existentes na estrutura. Serán estes proxectos os que deben dar corpo aos Plans Estratéxicos e nos que se deberán especificar as diferentes pautas de coresponsabilidade, por exemplo; a coordinación itinerante ou a axenda das reunións de traballo interdepartamentais.
4. Buscar a autonomía executiva dos museos sobre os seus proxectos e, asemade, atopar canles de participación e partillamento coa Administración e cxs representantes públicos.
5. Crear Plans Estratéxicos, liñas de actuación consensuadas e compromisos reais, non eventuais, que atinxan non só á institución tamén á Administración; debendo incluír o xénero dun xeito contundente desde a normativa -nas propias leis- e/ou nos temarios específicos dos diferentes procedementos laborais.
6. Crear ferramentas e recursos humanos, materiais e económicos, de cara ao desenvolvemento dos Plans Estratéxicos que deberán estar integrados por

proxectos con obxectivos e accións calidade; sendo consubstanciais a estes unha maior implicación da Administración, vital tanto no cronograma de obxectivos coma na dotación orzamentaria.

7. **Pasar da reflexión á acción; facéndonos permeábeis ás persoas, ás comunidades, creando novas resignificacións e construíndo novas pontes.**

Alegato final

Nós, xs aquí reunidxs:

“Reclamamos institucións con maior autonomía, integradas por equipos profesionais mellor formados. Persoal activo e comprometido co “sesgo” de xénero, que concilien as súas vidas profesionais e persoais e, asemade, axuden a conciliar.

Precisamos institucións máis independentes para medrar, para ofrecer oportunidades, con programación de xénero que vaia máis aló das exposicións de/sobre mulleres artistas; de feito, a paridade é máis que o 50-50. A crise acentuou a fragilidade, a precariedade global de traballadores, de orzamentos e de perfís afectando, entre outros, á valoración da calidade fronte aos criterios económicos nas convocatorias públicas.

Como traballadorxs culturais afrontamos esta situación con resistencia e resiliencia. A competencia entre nós favorece a persistencia da necesidade e non nos axuda.

Como museo, o que facemos, o que dicimos, como atendemos, o que lanzamos, cala na sociedade.”

Tecendo redes

Co fin de facer partícipes e de implementar a ferramenta de traballo válida, transparente, igualitaria de recomendacións efectivas para facer da definición e dos museos espazos reais de igualdade; partindo do recollido polo Comité Permanente sobre a Definición de Museo, perspectivas e posibilidades (MDPP) do ICOM; o VI Congreso de Xéneros, Arte, Museos e Educación fixo partícipes das súas conclusións e recolleu achegas -grande parte simbólicas, non entregadas por escrito- das seguintes entidades e/ou colectivos convidados:

- **Instituto de Historia da Cidade**
- **Universidade de Santiago de Compostela**
- **Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural**
- **Operación Museos MAV**
- **A Caixa de Pandora**

A Caixa de Pandora

O colectivo A Caixa de Pandora achega a seguinte proposta (entregada en pdf) que se transcribe completa:

“PROPOSTA DE BOAS PRÁCTICAS PARA MUSEOS E COLECCIÓN PÚBLICAS DESDE O COLECTIVO A CAIXA DE PANDORA QUE SOLICITA, PARA A SÚA ELABORACIÓN COMPLETA, UNHA COLABORACIÓN ENTRE INSTITUCIÓN E COLECTIVOS

- 1. Transparencia na convocatoria e na execución.
Incluso a mesma convocatoria debería ser ofrecida ás persoas expertas na xestión cultural, pescudando propostas sobre unha idea ou cun obxectivo. Iso tamén serviría para aclarar os criterios de cada acción.
Os criterios que determinan as propostas culturais deben estar claramente identificados, iso non permitirá xerar diferentes expectativas para as participantes do mesmo proxecto. Un destes criterios serán o méritos a ter en conta á hora de facer a selección: se se pretende alentar aos Novos valores, ou está dedicado a profesionais ou artistas consolidadas, etc.***
- 2. O respecto a todas as persoas que participen, sexa cal sexa o seu traballo.
Por iso haberá que clarificar a función de cada quen: comisariado, artistas, comisariado técnico, deseño de contidos, coordinación, comunicación, deseño, montaxe, etc. E cada quen deberá ver a súa autoría referenciada no produto final.***
- 3. A percepción económica debe ser obrigatoria. Non se acepta traballar a “coste cero”. O traballo implica unha remuneración.
A singularidade do feito creador debe ser valorada.
Gabamos aquí a xestión da Zona C como paradigma a ter en conta.***
- 4. Os dereitos de reprodución son propiedade da autora, cada quen debe xestionalos segundo o seu propio interese. É dicir, sempre segundo o criterio da propia autoría.***
- 5. A equidade en canto ás equipas é un obxectivo a cumprir: Débese atender á participación igualitaria de homes e mulleres ao 50%”***

#operacionmuseosMAV

Collendo a testemuña do VI Congreso de Xéneros, Arte, Museos e Educación; MAV presenta #operaciónmuseosMAV.

- 1. Despois de 10 anos de informes, MAV confirma que a desigualdade é un fenómeno estrutural que precisa unha análise profunda e transversal.**
- 2. Ante esta situación:**
 - ★ MAV Debate a través dos “Foros” MAV 2015, 2017 e 2019**
 - ★ MAV Denuncia a través das accións e cartas**
 - ★ MAV Vixía por medio do observatorio de igualdade**

- ★ MAV Visualiza a arte das mulleres a través da Bienal e da revista
- ★ MAV Actúa a través da FERRAMENTA DE AUTO-DIAGNÓSTICO DA IGUALDADE

3. FERRAMENTA DE AUTO-DIAGNÓSTICO DA IGUALDADE nos centros e museos públicos. Medindo a igualdade MAV, parámetros:

- a. Programación de mulleres artistas nos museos
- b. Adquisición de obra de mulleres artistas presentando atención ao valor das obras
- c. Composición dos órganos de decisión padroados e patrocinios

A ferramenta comezará a análise no Museo Thyssen, Reina Sofía e Atrium de Vitoria. Unha vez desenvolvida nestes a idea é poder aplicar e replicar esta ferramenta aos diferentes museos e centros públicos e pensar en actuar en tres liñas para conseguir museos máis democráticos e igualitarios:

- Premiar aqueles centros que cumpren coa igualdade cun Certificado de Igualdade
- Sinalar os centros públicos que incumpren coa Lei de Igualdade
- Sancionar aos centros que incumpren a Lei de Igualdade bloqueando a recepción de axudas públicas

“Temos unha longa tarefa todxs. A desigualdade está enquistada nun sistema patriarcal capitalista, colonialista e hexemónico.

Isto só nos leva á mantermos unidxs aquelxs que defendemos a democracia, a igualdade e a creación. Este congreso é unha mostra disto, amosando a profesionais comprometidxs no cambio. O camiño é longo, mais reconforta saber que somos moitas/os, creativas/os e intelixentes.”

Sobre a “re-definición de museo”

Envíanse ao ICOM, a 20/05, a seguinte proposta de cara á re-definición de museo:

“A seguinte proposta nace das conclusións do VI Congreso de Xéneros, Arte, Museos e Educación, Rede Museística da Deputación de Lugo [<http://redemuseisticalugo.org/documentos.asp?mat=131&id=3185>]:

“Os museos son casas que gardan e presentan soños, sentimentos, pensamentos e intuicións que toman corpo a través de imaxes, cores, sons e formas. Os museos son pontes, portas e xanelas que abren e comunican mundos, tempos e persoas” Sobre esta: A nova definición debe facer constar a igualdade de xéneros, subliñar a relatividade dos discursos e implementar a humanización e o seu valor social de cara facer e proxectar museos inclusivos, vivos e dinámicos. A nova definición non debe pecharse, debéndose facer un constante e continuo replantexamento do concepto de museo enunciado acompañando coa evolución da sociedade. **Recomendacións para facela efectiva:** Proxectar e desenvolver estudos multidisciplinares, xerar discursos que fagan visíbel a igualdade de xénero e a inclusión -en prol da responsabilidade social e a honestidade científica- e establecer Plans Estratéxicos nos que se propicie a

transversalidade e a interacción entre os departamentos existentes na estrutura, e esta coa sociedade.”

Recollida polo ICOM, o organismo indica:

1. **Que só se publicará o texto que figura entre comiñas en cursiva, descartando a análise que a acompaña aínda que este cumpla coas normas e de número de caracteres indicada polo organismo.**

Tras diferentes correos nos que o VI Congreso de Xéneros, Arte, Museos e Educación deixa patente que o texto entregado é froito das reflexións e conclusións de case un cento de profesionais asistentes ao Foro, o organismo a día 22/05 informa:

2. **Que só se publicará a propia definición e indica que: “El problema no es que su respuesta sea demasiado larga. Es que la parte mencionada a continuación incluye recomendaciones que no constituyen una definición, pero más bien sugerencias para el ICOM en su redacción de una nueva definición.”; e continúa; “En regla general, no publicamos tales sugerencias, sino que sólo mantenemos las propuestas de definición centrales. Hasta ahora, todos nuestros contribuidores (Miembros ICOM, comités, aliados etc) han aceptado ser publicados después de eliminar estos comentarios adicionales. Pero le aseguro, estos comentarios adicionales serán compartidos con el comité – y nos aseguraremos que serán tomados en cuenta durante el proceso. Otra alternativa sería que revise su párrafo de definición principal, integrando los puntos de vista que está comunicando con sus recomendaciones y sugerencias. Como ejemplo, puede referirse a la proposición de museo #164 de Turquía: “A museum is an institution to keep memory alive by researching, exhibiting, and teaching relevant cultural assets. It treats subjects in a gender-sensitive way, no matter which main focus it has, brings people together; creates a fulfilling democratic, free and peaceful – virtual or physical – space; provides a platform for members of the public – in particular NGOs and grass roots organizations – both on the national and global levels; addresses cross-cultural issues to reach wide multi-cultural, multi-ethnic audiences; makes curious without offering solutions; acts as a space for interaction in every sense of the word; by all this creating opportunities for a “festival of the mind”. Asimismo, por favor consulte a continuación nuestro aviso informativo. Necesitaré su aprobación si desea que publiquemos su propuesta de definición modificada. Si no obtenemos una respuesta de su parte a más tardar el lunes 27 de mayo, su definición no será incluida en el proceso. Le agradecemos su comprensión y cooperación.”**

Finalmente, e seguindo o proposto polo ICOM; xa que o obxecto e o obxectivo do VI Congreso de Xéneros, Arte, Museos e Educación é a de implementar a igualdade de xénero na reinterpretación, revisión, reescritura e reformulación da definición actual de museo; axústase a definición proposta ficando do seguinte xeito:

“Os museos son casas que gardan e presentan soños, sentimentos, pensamentos e intuicións que toman corpo a través de imaxes, cores, sons e formas. Os museos son pontes, portas e xanelas que abren e comunican mundos, tempos e persoas. Os museos son memoria, son resistencia, son igualdade de xénero, son accesibilidade, son multiculturalidade e son transversalidade. Neles involúcranse os afectos, a fraternidade, a reciprocidade, o amor, a ledicia e a poética”